




COLEXIO PLURILINGÜE
ÁNGEL DE LA GUARDA

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19
NO CURSO 2021-2022





DENOMINACIÓN DO CENTRO: CPR. PLURILINGÜE ÁNGEL DE LA GUARDA

CÓDIGO: 36005919

ENDEREZO: A MEDOÑA, S/NPRIEGUE, 36391 NIGRÁN – PONTEVEDRA

TELÉFONO: 986368073

CORREO ELECTRÓNICO: cpr.angeldelaguarda@edu.xunta.gal

MEMBROS DO EQUIPO COVID

COORDINADORA: M^a Isabel Fernández Vidal (Directora). Teléfono: 616410785.

PROFESOR: JesúsNavarretePou (Xefe de Estudos). Teléfono: 625088939.

PROFESORA: M^a Pilar Gallego Rodríguez (Presidenta da Cooperativa). Teléfono: 619908945.

CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

-Centro de Saúde de Panxón, Nigrán.

Teléfono: 986 365042.

ESPAZO DE ILLAMENTO COVID

No noso centro, habilítase como ESPAZO DE ILLAMENTO COVID a sala situada no edificio da ESO e que se atopa entre a Sala de profesores-as e a Secretaría do centro. Está provista do material necesario (papeleira de pedal, xel hidroalcohólico, panos desbotables...)e conta cunha ventilación apropiada para afrontar-la situación en que se produza un caso sospeitoso de COVID 19 no centro.

De producirse a sospeita de que haxa un caso no centro, a persoa será inmediatamente trasladada a esa salaacompañada por un adulto (ambos debidamente protexidos segundo se indica no protocolo) e procederase a chamar á familia (no caso de ser un alumno-a) ou ó centro de saúde de referencia e seguiranse as instrucións que nos sexan dadas. Tamén se contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para informar da situación.

NÚMERO DE ALUMNOS-AS POR NIVEL E ETAPA EDUCATIVA

EDUCACIÓN INFANTIL

NÚMERO TOTAL NA ETAPA: 50 alumnos-as.	
4º Educación Infantil: 17 alumnos-as.	
5º Educación Infantil: 15 alumnos-as.	
6º Educación Infantil: 18 alumnos-as.	



EDUCACIÓN PRIMARIA

NÚMERO TOTAL NA ETAPA: 138 alumnos-as.

1º Primaria: 18 alumnos-as.

2º Primaria: 25 alumnos-as.

3º Primaria: 26 alumnos-as.

4º Primaria: 24 alumnos-as.

5º Primaria: 21 alumnos-as.

6º Primaria: 25 alumnos-as.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

NÚMERO TOTAL NA ETAPA: 86 alumnos-as.

1º ESO: 23 alumnos-as.

2º ESO: 27 alumnos-as.

3º ESO: 20 alumnos-as.

4º ESO: 17 alumnos-as.

CADRO DE PERSOAL DO CENTRO EDUCATIVO

NÚMERO TOTAL DE PROFESORES-AS: 24.

PERSOAL ADMINISTRATIVO: 1 PERSOA.

PERSOAL DE COCIÑA E LIMPEZA: 5 PERSOAS.

DETERMINACIÓN DE GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA.

O noso centro conta cunha única liña polo que só hai un grupo A por curso. Son os seguintes:



<u>4º EDUCACIÓN INFANTIL:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 4º de Educación Infantil. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 17
Titora: Natalia González Pérez.	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Olalla Fernández Lumbreras.
	-Carla Carbajolglesias.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Ada Castro Carballal.
<u>5º EDUCACIÓN INFANTIL:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 5º de Educación Infantil. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 15.
Titora: Mª Elisa Barrosa Fernández.	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Olalla Fernández Lumbreras.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Ada Castro Carballal.
<u>6º EDUCACIÓN INFANTIL:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 6º de Educación Infantil. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 18
Titora: Mª Pilar Gallego Rodríguez	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Olalla Fernández Lumbreras.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Ada Castro Carballal.
<u>1º EDUCACIÓN PRIMARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 1º de Primaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 18.
Titora: Míriam López Casal	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Xosé Antón Pedrido Fernández.
	-Ada Castro Carballal.
<u>2º EDUCACIÓN PRIMARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 2º de Primaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 25.
Titora: Carla Carbajolglesias	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Xosé Antón Pedrido Fernández.
	-Ada Castro Carballal.
	-Míriam López Casal.



<u>3º EDUCACIÓN PRIMARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 3º de Primaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 26.
Titora: Olalla Fernández Lumbreras.	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Xosé Antón Pedrido Fernández.
	-Ada Castro Carballal.
	-Carlacarbajolglesias.
<u>4º EDUCACIÓN PRIMARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 4º de Primaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 24.
Titor: Pablo Díaz López.	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Xosé Antón Pedrido Fernández.
	-Ada Castro Carballal.
	-Carlacarbajolglesias.
<u>5º EDUCACIÓN PRIMARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 5º de Primaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 20.
Titor: José Luis Rial Fernández	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Xosé Antón Pedrido Fernández.
	-Ada Castro Carballal.
	-Marta Díaz González.
<u>6º EDUCACIÓN PRIMARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 6º de Primaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 25.
Titora: Marta Díaz González	Profesorado especialista:
	-Mª Ángela Rodríguez Araújo.
	-Antía Rodríguez Sánchez.
	-Xosé Antón Pedrido Fernández.
	-Ada Castro Carballal.
	-José Luis Rial Fernández.
<u>1º EDUCACIÓN SECUNDARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 1º de Secundaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 23.
Titora: Tania Quintas Piñeiro.	Profesorado especialista
	-Olga Alonso González.
	-Alberto Cordeiro Antepazo.
	-Blanca Hermida Velasco.
	-Mª Isabel Fernández Vidal.
	-Jesús Navarrete Pou.
	-Mª Pilar Gallego Rodríguez.
	-Pablo Díaz López.
	-Silvia Pinzás Rouco.
<u>2º EDUCACIÓN SECUNDARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 2º de Secundaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 26.
Titora: Olga Alonso González.	Profesorado especialista



	-Olga Alonso González.
	-Alberto Cordeiro Antepazo.
	-BlancaHermidaVelasco.
	-M ^a Isabel Fernández Vidal.
	-JesúsNavarretePou.
	-M ^a Pilar Gallego Rodríguez.
	-Tania Quintas Piñeiro.
	-Álvaro Solla Buceta.
	-Francisco Javier Quintas Alonso.
	-Pablo Díaz López.
<u>3º EDUCACIÓN SECUNDARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 3º de Secundaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 19.
Titor: Alberto Cordeiro Antepazo.	Profesorado especialista
	-Olga Alonso González.
	-Alberto Cordeiro Antepazo.
	-BlancaHermidaVelasco.
	- Tania Quintas Piñeiro.
	-M ^a Isabel Fernández Vidal.
	-Álvaro Solla Buceta.
	-M ^a Pilar Gallego Rodríguez.
	-Pablo Díaz López.
	-Silvia Pinzás Rouco.
<u>4º EDUCACIÓN SECUNDARIA:</u>	<u>AULA:</u> Aula de 4º de Secundaria. <u>NÚMERO</u> de alumnos-as na aula: 18.
Titora: M ^a Isabel Fernández Vidal.	Profesorado especialista
	-Olga Alonso González.
	-Alberto Cordeiro Antepazo.
	-BlancaHermidaVelasco.
	-M ^a Isabel Fernández Vidal.
	-JesúsNavarretePou.
	- Tania Quintas Piñeiro.
	-M ^a Pilar Gallego Rodríguez.
	-Álvaro Solla Buceta.
	-Francisco Javier Quintas Alonso.
	-Pablo Díaz López.



MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS DE GRUPOS DE INFANTIL

Como norma, establécense tódalas medidas consideradas no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á COVID 19 da XUNTA DE GALICIA:

1.- Todo o persoal do centro e, polo tanto o docente correspondente a cada un dos grupos , así como o alumnado (supervisado polas familias) realizará a diario e antes da súa chegada ó centro, unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar -no caso de que os haxa- que estes son compatibles cunha infección por SARSCoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I do PROTOCOLO publicado pola Administración.

2.- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a.

3.- Ante unha sospeita de infección dalgún alumno-a que se atope xa no centro, será inmediatamente trasladado á sala acondicionada a tal efecto onde permanecerá illado-a e procederase seguindo as instrucións ditadas pola Administración comunicando o feito á familia e autoridades Sanitarias a través da canle prevista para o caso, vía telefónica e, de se-lo caso, a través da dirección de correo electrónico: cpr.angeldelaguarda@edu.xunta.gal ó enderezo que a Administración facilite a tal efecto.

Por outra parte, tamén se procederá a un control inmediato de posibles síntomas no resto do grupo e do profesorado que estea vencellado ó mesmo, así como se levarán a efecto tódalas indicacións que se nos pauten desde as autoridades sanitarias.


4.-Durante a permanencia na aula, o alumnado, ó tratarse dun grupo “burbulla”, poderá interactuar con normalidade. Para esta franxa de idade non é obrigatorio o uso de máscara, non obstante, no noso centro decidiuse que a usen para unha maior seguridade do grupo e profesorado.

En calquera caso, eliminaranse todos aqueles mobles ou obxectos que non sexan imprescindibles dentro da aula para gañar espazo e garantir unha correcta hixienización dentro da mesma.

5.- O Alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, terán a obriga de usar máscaras dentro e fóra das aulas de conformidade co previsto no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á COVID 19 da XUNTA DE GALICIA vixente.

É obrigatorio usar máscara de protección en todo caso: na aula, nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc.), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar, nas aulas e na estancia na biblioteca.


O profesorado utilizará a máscara continuamente e velará por que o alumnado tamén o faga e observe as demais normas de seguridade e hixiene. O uso adicional de viseiras protectoras non estará obrigado aínda que non se prohíbe o seu uso voluntario.



Ademais desta norma xeral de distancia de seguridade interpersoal, na etapa de Educación Infantil e na de Educación Primaria, establécense Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poderán socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable terán vedada a interacción con outros grupos do centro educativo pois está previsto que teñan zonas delimitadas tanto para os recreos como no comedor, limitando ó máximo o número de contactos.

6.- Levarase a cabo unha información exhaustiva diaria das pautas de hixiene e das medidas de prevención da transmisión da infección a tomare as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, a tódolos membros da comunidade educativa e polo tanto, tamén a estes grupos, destacando:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos (mínimo 5 veces durante o horario lectivo), ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias utilizarán auga e xabón
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula..
- Habilitaranse dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Aplicaranse medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica.
- Xeraranse dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Garantirase a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalaranse portapanos desbotables nos aseos e espazos comúns.
- Xeraranse sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - Ó tusir ou espirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
 - Manter a distancia física recomendada. Informarase do USO CORRECTO da máscara e do xeito de poñela e sacala.
 - Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso, sen prexuízo do establecido da previsión de 1 metro para as aulas (1,2m. na ESO).



- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas do PROTOCOLO enviado ós centros.
- Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- Nas aulas ou no propio pupitre existirá un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros/as.
- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) serán usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Non estará permitido o uso de luvas nin para o alumnado nin para o profesorado.
- Dadas as características do noso centro (unha soa liña), o profesorado especialista imparte docencia en tódolos cursos de Educación Primaria e nalgún caso, en Infantil, polo que estará obrigado a observar escrupulosamente as medidas de seguridade e hixiene pautadas pola Administración no PROTOCOLO da Xunta.

CANLE DE COMUNICACIÓN DO EQUIPO COVID

A comunicación das incidencias: sintomatoloxía compatible , ausencias de persoal non docente e profesorado, e para comunicación das familias ó EQUIPO COVID levarase a cabo preferentemente, por ser máis inmediata, vía telefónica (teléfono do centro 986 368073 no caso das familias, mediante o teléfono persoal da coordinadora 616410785 e, para o caso de que teña que ser substituída, ó teléfono persoal do Xefe de Estudos que é o seu suplente: 625088939).

PROCEDIMENTO DE REXISTRO DE AUSENCIAS DO PERSOAL E DO ALUMNADO.

ALUMNADO E PROFESORADO:

Tal e como se vén facendo, pasarase lista cada mañá na primeira hora de clase para anota-las ausencias no parte de faltas e, no caso de que haxa algunha e a familia non se teña posto en contacto co centro, o/a titor/a, contactará coa familia para sabe-las causas. En caso de que se trate dun caso sospeitoso de COVID, o/a titor/a comunicarllo inmediatamente á coordinadora quen se informará coa familia do alumno-a e procederá a comunica-lo feito ás autoridades seguindo as instrucións que figuran no PROTOCOLO da Xunta.

PROFESORADO:

O/a profesor/a, tanto no caso de atoparse no centro como se aínda permanece no seu domicilio, comunicarllo inmediatamente á coordinadora do equipo COVID quen procederá segundo o PROTOCOLO establecido pola Administración.



PERSONAL NONDOCENTE:

Tanto no caso de atoparse no centro como se aínda permanece no seu domicilio, comunicarallo inmediatamente á coordinadora do equipo COVID quen procederá segundo o PROTOCOLO establecido pola Administración, e á Presidenta da Cooperativa quen tamén forma parte do equipo COVID e de quen depende este persoal.

PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓN DAS INCIDENCIAS ÁS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS.

O establecido no PROTOCOLO da Xunta a tales efectos: Vía telefónica, comunicaráselles de maneira inmediata ás autoridades competentes.

PLANOS DA SITUACIÓN DOS PUPITRES NAS AULAS E IDENTIFICACIÓN DA POSICIÓN DO PROFESORADO.

VER PLANOS ADXUNTOS —

DISTANCIAS MÍNIMAS NAS AULAS

De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

En Educación Infantil e na Educación Primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Garantirase a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo

Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:

- a) Os postos escolares manterán unha distancia de 1,2 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirárase outro mobiliario como andeis ou colgadores que limiten o espazo dispoñible.
- b) Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
- c) Cando o tamaño da aula non permita a distancia entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardar a distancia de 1,2 metros.
- d) Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores desdobarase o grupo ou, de non ser viable, instalaranse mamparas para garantir a seguridade no grupo.

MEDIDAS PARA O USO DE ESPAZOS PT, AL E DPTO. DE ORIENTACIÓN.

No noso centro non hai un espazo específico para AL, a profesora de AL desprazarase ás aulas para atender ó alumnado para o que observará as normas xerais de hixiene e prevención -uso de máscara, xel desinfectante e distancia- ou leva individualmente a algún/unha alumno/a en concreto á sala destinada ó Dpto. de Orientación onde hai espazo abondo e non hai



dificultades para o distanciamento e onde observará de igual modo as normas de hixiene antes mencionadas.

No noso centro non contamos con profesorado PT.

Cando o Orientador e a profesora de AL se atopen simultaneamente no gabinete de Orientación, gardarán do mesmo xeito as normas de seguridade, hixiene e prevención antes indicadas.

TITORÍAS COAS FAMILIAS

As titorías coas familias levaranse a cabo preferentemente vía telefónica e/ou telématica. Para o caso de que algunha familia non poida realizalas dese xeito, acordarase unha cita presencial, fóra do horario académico e nun espazo previamente desinfectado que permita mante-las normas de seguridade, hixiene e prevención para familia e titor/a.

Despois do uso da sala débese de limpar e ventilar a estancia.

Citaranse aos pais fóra de horarios de saída e entrada e recreos de alumnos para evitar coincidencias e/ou conglomeracións.

CANLES DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS Ó CENTRO (PROVEEDORES, VISITANTES...)

A canle de información á familia será fundamentalmente a páxina web do centro: www.colegioaguarda.com ou vía correo electrónico.

No caso de acceso ó centro:

NON se deberá acceder ao centro se:

-Presenta síntomas compatibles cos de COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire,...) atendendo aos resultados da autoavaliación diaria.

-Se atopa en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19

-Se se encontra en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con COVID-19

Se accede ó centro:

-É obrigatorio o uso de máscara en todo momento.

-A máscara debe cubrir o nariz e a boca.

-Deberán manter distanciamento social de 1,5 metros.

-No acceso ao centro e no desprazamento polas zonas comúns poden darse situacións nas que non sexa posible garantir o distanciamento social polo que se minimizará o tempo desas coincidencias.

-No colexio establecéronse zonas de paso ou de espera para minimizar ao máximo as aglomeracións.



-Desde a entrada principal atoparán marcas de pés indicando os corredores e as distancias interpersoais.

Deben adoptar medidas de hixiene respiratoria:

Ao tusir ou espirrar, tapar a boca e o nariz cun pano e refugalo a un balde de lixo. Se non se dispón de panos, empregar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.

Evitar tocar os ollos, o nariz ou a boca.

Despois de ter tusido ou espirrado e antes de tocar a boca, o nariz ou os ollos, lave as mans de forma coidadosa con auga e xabón durante polo menos 40 segundos.

Se non dispón de auga e xabón, utilice solución desinfectante con alcol para limparllas.

A hixiene de mans é unha medida principal de prevención e control da infección.

En diversos puntos do centro disporán de xel hidroalcohólico e recomendacións sobre a desinfección de mans.

Se se utilizan elementos de uso compartido deben limparse e desinfectarse ao comezo e ao finalizar o uso.

O aforamento das diferentes dependencias está limitado. Deberá respectar as limitacións que se establezan segundo a sinalización de cada zona.

Cada contratista e empresa concorrente deberá trasladar aos seus traballadores este anexo, independentemente das obrigas de formación e información aos seus traballadores das medidas preventivas e instrucións de seguridade e saúde en relación ao COVID-19

USO DA MÁSCARA NO CENTRO

A máscara será de uso obrigatorio en todo momento para todo o alumnado (incluído o de Educación Infantil, na aula), profesorado e persoal non docente, tanto no interior, coma no recinto exterior do centro excepto no comedor.

- Antes de poñer a máscara haberá que limpar as mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico.
- Cubrirase, coa máscara tanto a boca coma o nariz sen deixar espazos entre a cara e a máscara.
- Evitarase tocar a máscara mentres se usa, se se fai, lavar as mans con auga e xabón ou xel.
- Non se reutilizarán as máscaras dun só uso.
- Para quitar a máscara, hai que facelo dende atrás e metela inmediatamente nun colector pechado e lava-las mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico.



INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN COVID ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

O Plan COVID do centro estará colgado na páxina web do centro para que todas as familias teñan acceso a el en todo momento e seralle enviado ó profesorado ó seu correo electrónico persoal.

MEDIDAS DE LIMPEZA E MATERIAL DE PROTECCIÓN

LIMPEZA DE ZONAS COMÚNS E POSTOS DE TRABALLO

Previo á apertura do centro procederase á realización dunha limpeza e desinfección completa e en profundidade de todo o recinto, con especial atención aos espazos pechados, ademais das superficies de contacto máis frecuentes e materiais auxiliares utilizados.

Esta desinfección realizarase con biocidas para a desinfección de superficies ou dilucións de lixivia 1:50 recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados ou rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

No centro dispórase dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características. O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza.

Trala apertura do centro, a limpeza e desinfección de espazos e zonas comúns farase polo menos unha vez durante o día.

- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente:

- Manillas e pomos de portas.
- Mesas.
- Mostradores.
- Mobles.
- Pasamáns.
- Solos.
- Interruptores e pulsadores.
- Teléfonos.

- A limpeza estenderase tamén a zonas de uso exclusivo do persoal.

Os aseos limparase polo menos 3 veces ao día.

- Tras cada limpeza os materiais e equipos de protección utilizados refugaranse de maneira segura e procederase posteriormente ao lavado de mans.

Unha das limpeza poderase realizar ao finalizar a xornada ou ben antes da continuación da actividade ao día seguinte.

- Deberán establecer un rexistro das limpeza realizadas.



- No comedor limpanse as mesas e zonas comúns entre quenda e quenda.
- As papeleiras limpanse de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día.
- As instalacións ventilaranse de maneira periódica, polo menos 5 veces ao día, durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire, nas aulas en uso realizaranse unha ventilación de entre 10 e 15 minutos entre clase e clase, cada hora.
- Reporase polo menos diariamente o xabón, solución hidralcohólica e papel desbotable.
- Revisarase o correcto funcionamento dos dispensadores e dos sanitarios e billas de aseo, procedendo a reparar ou substituír aqueles que presenten avarías.
- No caso de que se presenten síntomas, deberase realizar una axeitada limpeza do espazo onde se realizou o illamento, baleirar o contido da papeleira dos produtos de hixiene e protección empregados co mecanismo de dobre bolsa.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

- Farase un rexistro e inventario do material do que dispón o centro, este material estará na sala de illamento do centro na ESO.
- A persoa encargada de levar este inventariado será Beatriz Rey Salinero (persoal da Secretaría do centro).
- En función do inventario determinarase as necesidades de aprovisionamento do material de protección, e procederase á distribución e entrega de material e da súa reposición.

XESTIÓN DOS ABROCHOS.

Ver Plan de Continxencia do centro.

Persoa que realizará a comunicación das incidencias Xefatura Territorial de Sanidade:

-M^a Isabel Fernández Vidal (Directora) e, de se-lo caso de ter que ser substituída:

-Jesús Navarrete Pou (Xefe de Estudos).

XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.

Para este efecto, o/a traballador/a, presentará en Dirección debidamente cuberto e asinado, xa sexa en persoa ou por vía telemática o ANEXO III que consta no PROTOCOLO da Xunta ó enderezo cpr.angeldelaguarda@edu.xunta.gal

Para comunicar a petición á Xefatura territorial, empregarse o enderezo de correo electrónico arriba indicado.



MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

REGULACIÓN DE CIRCULACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS

O centro dispón de 4 accesos, un para persoal propio (aparcadoiro) , outro para o autobús e outros dous para acceso de alumnado.

Para evitar aglomeracións débese de respectar capacidade máxima e garantir o acceso controlado respectando a distancia de seguridade interpersoaltomaranse as seguintes medidas:

Autobús:

—Para o acceso e permanencia no autobús é de uso obrigatorio a máscara:

Máscara hixiénica (segundo norma UNE-EN 14683:2019+AC: 2019) será de uso obrigatorio durante toda a estancia do centro, tanto para alumnos, como para profesores como para visitas.

Máscara autofiltrante sen válvula tipo FFP2 (segundo norma UNE-EN 149:2001 +A1:2009. Para traballadores propios considerados persoal sensible ou grupo vulnerable ante a COVID-19.

—Nas portas de acceso ao autobús deberá de instalarse:

Carteis de: Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis) e Uso obrigatorio de máscara zonas comúns (Cartel2 Anexo Carteis).

Dispensadores de xel hidroalcohólico ou desinfectante con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade

—Os alumnos accederán aos autobuses nas diferentes paradas, ocupando o seu sitio asignado, asignaranse sitios específicos para cadaalumno-a agrupándoos por zonas segundo o curso ao que pertencen.

—Habilitaranse entradas e saídas para cada zona, dividindo imaxinariamente o autobús en dúas zonas, saíndo e entrando cada metade pola súa porta correspondente, dunha maneira ordenada e mantendo as distancias, a orde de saída sería primeiro os máis próximos ás portas.

—A acompañante/monitora do autobús que ten encomendada as funcións de vixilancia velarán porque cada alumno ocupe sempre o seu asento asignado e que leven posta a máscara.

—Ao chegar ao colexio, ao saír do autobús deberá de estar asignada unha zona para cada curso, para evitar aglomeracións, os primeiros en desprazarse ás aulas serán os dos pavillóns máis afastados, para evitar o máis posibles aglomeracións entre clases.

—Será necesario que a empresa do autobús facilite o protocolo de limpeza do autobús e os rexistros de control, estes semanalmente.

—Para a saída en horario de tarde, os alumnos do autobús sairán ordenadamente de clase, por etapas, sendo o primeiro grupo en saír o bloque e curso máis próximo á zona aparcadoiro, debendo entrar pola porta estipulado e sentándose no asento indicado.

—Na parada do colexio, priorizaraseque os primeiros en baixar e os últimos en subir sexan os grupos dos máis pequenos.



Acceso individual:

—Habilitarase un horario de accesos, graduando as entradas por etapas cunha diferenza de 5/10 minutos desde a primeira hora da mañá, iniciando asentradadas ós alumnos-as de pavillóns máis próximos á entrada para evitar así aglomeracións e interferencias cos alumnos que acceden en autobús.

Planificamos as entradas ao centro:

ESO ___8.40h

1º e 2º de Primaria ___8.45-8.55h

3º e 4º de Primaria ___8.55-9.05h

5ºe 6º de Primaria ___9.05-9.15h

Infantil__9.00-9.10h-

- INFANTIL. Entran pola porta de primaria, só os grupos de Infantil.
- PRIMARIA e ESO, entran polo portalón principal.
- Os que teñan **irmáns**, serán casos excepcionais:

-Prevalece o horario do irmán maior, **todos ao entrar van ás súas clases onde estará un profesor**. Estarán todos os profesores nas súas aulas desde as 8:50. Os que entran máis cedo son os alumnos-as de Secundaria pero tamén teñen unha marxe de marxe 10 minutos, de maneira que, se unha familia ten un fillo en Secundaria e outro no horario no que entran máis tarde que sería 5º ou 6º Pª, terá que deixar aos seus fillos un par de minutos antes das 8.50h , así o de Secundaria entra a tempo e nese par de minutos, o de Primaria chega á súa clase e xa haberá un profesor.

Se hai irmáns en Infantil e Primaria, todos entran pola porta principal e o pai/nai de Infantil acompaña até a clase ao seu fillo, a porta posterior sería só para nenos-as de Infantil.

—Disporase dunha persoa que controle os accesos para que sexan ordenados e controlados, verificando a separación e o uso de máscaras dunha maneira axeitada.

—Colocarase nesta entrada a seguinte sinalización: (os carteis posuirán un tamaño mínimo de A3).

Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).


Uso obrigatorio de máscara zonas comúns (Cartel 2 Anexo Carteis).

—Dotarase neste acceso, debido á cantidade de alumnos que acceden, de varios dispensadores para evitar as aglomeracións.

—Disporase dunha zona de aprovisionamento de Máscaras hixiénica (segundo norma UNE-EN 14683:2019+AC:2019), para facilitarlas aos alumnos que non dispoñan dela ou a propia se atope danada ou en malas condicións.

—Prohíbese totalmente o acceso aos pais ou acompañantes ao centro por este acceso, sendo necesario concertar visita previa para acceder ao recinto.

—Utilízanse os corredores marcados de entrada e de saída.



CORREDORES E ESCALEIRAS

Acceso de terceiros:

—Os pais-nais ou tutores-as legais dos alumnos só poderán acceder ao centro previa autorización por parte dos tutores, Dirección ou Administración, tendo que ser esta fóra de horario de accesos ou saídas de alumnos-as.

—As empresas subministradoras de material, víveres,... indicaráselles unha zona de recepción dotada de sinalización : (os carteis posuirán un tamaño mínimo de A3)

Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).

Uso obrigatorio de máscara zonas comúns (Cartel 2 Anexo Carteis).

Ademais colocárase no recinto dispensadores de xel hidroalcohólico ou desinfectante con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, xunto con panos de papel e papeleira con bolsa.

—Colocarase nos accesos aos corredores e escaleiras de cada zona a seguinte sinalización: (os carteis posuirán un tamaño mínimo de A3).

Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).

Uso obrigatorio de máscara zonas comúns (Cartel 2 Anexo Carteis).

—Nos pavillóns dividiranse as zonas de estancias comúns por aulas para acoutar as zonas de estancia e as aglomeracións, para evitalas será obrigatorio que os alumnos accedan directamente á aula para evitar aglomeracións, accederase por cursos desde o exterior de cada pavillón sendo os primeiros en acceder os cursos máis afastados do acceso ao bloque.

—Identificaranse as zonas de acceso, estancia e circulación do alumnado, indicando claramente zonas de circulación.

—Retiraranse das estancias e zonas de paso e corredores tódolos elementos que non sexan imprescindibles.

—Evitarase dentro do posible a mobilidade dos alumnos entre clases, que quedarán definidas nos horarios dos cursos, usarase o laboratorio, as aulas de informática e a aula de tecnoloxía e plástica en casos excepcionais, evitando os cambios de clase o máximo posible para evitar aglomeracións.

—En caso de uso das aulas auxiliares (tecnoloxía, laboratorio, informática), será obrigatorio que o alumnado limpe a súa zona de estancia, tanto ao comezo como ao final das xornadas de estancia en cada aula que utilice.

—Retirar das estancias e zonas de paso e corredores todos os elementos que non sexan imprescindibles

—A distribución dos alumnos na aula será de maneira xeneralizada da seguinte maneira:

A distancia desde a primeira fila á mesa do profesor será mínimo de 1,5 m.

De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.



En Educación Infantil e na Educación Primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia pois debe de garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:

- a) Os postos escolares manterán unha distancia mínima de 1,2 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira..
- b) Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
- c) Cando o tamaño da aula non permita a distancia entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardar a distancia de 1,2 metros ou instalaranse biombos (de pupitre ou chan) para garantir a protección.
- d) Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores, desdobrarase o grupo.

—Cada profesor disporá de produtos de limpeza para o mobiliario que terá que utilizar para limpar as zonas comúns: a súa zona de traballo, mesa, cadeiras e elementos comúns que comparta con outros compañeiros-as. A limpeza debe de ser ao comezo e ao final de cada clase con cambio de localización. Dotarase ao profesor de:

Dispensador portátil de xel hidroalcohólico, solución desinfectante con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

Panos desbotables.

—Ventilarase a aula durante 10- 15 minutos en intervalos de 1 hora, en horas de recreo ou comedor deixaranse abertas o maior tempo posible, se as condicións ambientais exteriores así o permiten.

—Disporase nos accesos das clases dunha papeleira para situar os refugallos, esta papeleira debe de ter bolsa e debe de ser retirada unha vez ao día.

—Os elementos de uso común deberán de ser desinfectados antes e despois do seu uso, aínda que está aconsellado que o alumnado dispoña de elementos propios (bolígrafos, xices,...) e que sexan de uso individual.

PATIOS E RECREOS

—O uso da máscara será obrigatoria nos recreos.

—Habilitáronse zonas de estancias por cursos separados en recreos. Determináronse os espazos que se poidan utilizar como espazos de recreo e calcularase o seu aforamento.

Zona 1-Patio infantil



Zona 2- Patio primaria

Zona 3- Zona canastras

Zona 4- Patio ESO

Zona 5- Zona Carballos

Zona 6- Zona herba

— Tratarase de limitar os espazos para que un grupo de 50 alumnos poidan estar distanciados polo menos 1,5 metros.

— Tratarase de rotar semanalmente para que os alumnos-as poidan gozar de tódalas zonas comúns.

— En caso de necesidade, poderíanse habilitar as aulas como zonas de recreo.

— Estarán vixiadas por un responsable as condicións de separación persoal, a distancia de seguridade (evitando xogos que favorezan as aglomeracións) e o usode máscaras.

— Cando se utilicen os xogos do parque, someteranse a hixiene antes de ser utilizados por outro grupo.

— A saída ós recreos realízase tendo en conta os horarios, neste caso habilitáronse 3 horarios para reducir a confluencia. Horarios de 11,30 a 12 1º, 2º Primaria e infantil; e de 11- 11,30h 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, ademais do horario para os alumnos da ESO.

— A entrada e saída dos recreos, realizarase de maneira graduada, sempre sairán e entrarán primeiro, os grupos de curso inferior para evitar aglomeracións, sempre dunha maneira ordenada e mantendo as distancias de seguridade.

— Nos momentos de merenda aplicaranse os mesmos criterios empregados no comedor.

— Os aseos dividiranse por zonas de uso, estando sinalizados con:

- Mantén a distancia de seguridade - capacidade máxima segundo tamaño dos baños (Cartel 3 Anexo Carteis).
- Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).
- Uso obrigatorio de máscara en zonas comúns (Cartel 2 Anexo Carteis).
- Lavado de mans (Cartel 8 Anexo Carteis).

— Os aseos estarán dotados de xabón, tratando de evitar aglomeracións e estarán controlados en horarios de recreos e comedor.



AULA MADRUGADORES

- Seguirase o protocolo ordinario (zonificación do espazo, mantemento de distancias mínimas e uso de máscaras, desinfección diaria).
- En caso de consumo de alimentos estableceranse as restricións adicionais por ese motivo.
- Nos momentos de descanso deberá haber 1,5 metros entre colchóns.

ASEOS

- Os aseos dividiranse por zonas de uso, estando sinalizados con:
 - Mantén a distancia de seguridade - capacidade máxima (Cartel 3 Anexo Carteis).
 - Limpeza de elementos de uso compartido (Cartel 7 Anexo Carteis).
 - Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).
- Definirase no plan de limpeza polo menos con 3 limpeza ao día.
- Dótase de xabón para limpeza de mans e papel desbotable para secado e papeleira con bolsa de plástico que se retirará polo menos unha vez ao día.
- O seu aforamento queda limitado a un máximo de 1/3. Indicarase no acceso o aforamento permitido e tamén se marcarán zonas de espera con separación entre elas.

COMEDORES

- Realízase en 2 quendas fixas de comedor, pero a entrada de Primaria e Infantil será graduada para evitar confluencias. Utilizaranse neste caso os dous comedores existentes e acondicionarase parte do pavillón como comedor.

Comedor setembro:

13.20h 5º e 6º de Primaria

13.30h 3º e 4º de Primaria

13.40h 1º, 2º de Primaria e Infantil

14.15 ESO

- A separación entre alumnos será de 1,5 m (ESO) ou de 1 metro sempre que non estean encarados.

- No patio de acceso e na entrada de comedores, disporase da seguinte sinalización:
 - Mantén a distancia de seguridade - capacidade máxima (Cartel 3 Anexo Carteis).
 - Limpeza de elementos de uso compartido (Cartel 7 Anexo Carteis).
 - Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).
 - Nochan con cinta adhesiva ou tipo pegada indicando a dirección do fluxo de persoal (entrada e saída) e para tratar que se respecte a distancia de seguridade de 1,5 metros. (por exemplo sentido de circulación no sentido das agullas do reloxo no corredor distribuidor central).
 - No comedor sinalizárase as zonas de paso e os aforamentos máximos.



- Nas diferentes quendas de comida asignarase unha orde de entrada e colocación do alumnado, que utilizará sempre o mesmo comedor e o mesmolugar.
- Despois de cada quenda limparanse as mesas e as cadeiras.
- Disporase no patio do comedor de xabón para a limpeza das mans antes da entrada ao comedor.
- Haberá un biombo de separación con respecto ó servizo de camareiros/as
- Limparanse as zonas de autoservizo despois de cada quenda.
- Identificaranse as zonas de entrada e saída dos comedores para tentar evitar interferencias.
- Para evitar aglomeracións no patio das diferentes quendase para evitar as interferencias, haberá un responsable entre esta zona e os comedores.
- Graduaranse as entradas e saídas dos comedores para evitar aglomeracións nos diferentes accesos e saídas.
- Ventilarase o máis posible o comedor e a cociña, como mínimo unha ventilación de 10 minutos entre quendas.
- Os alumnos desprazaranse da zona de comedor ás zonas de aulas evitando aglomeracións e relacións entre cursos.

COCIÑA

- O persoal de cociña disporá dun protocolo de limpeza específico definido no anexo deste documento.
- Habilitarase unha zona de entrega por parte dos provedores dos produtos, que se dotará de sinalización:
 - Mantén a distancia de seguridade - capacidade máxima (Cartel 3 Anexo Carteis).
 - Limpeza de elementos de uso compartido (Cartel 7 Anexo Carteis).
 - Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).
 - No chan con cinta adhesiva ou tipo pegada indicando a dirección do fluxo de persoal (entrada e saída) e para tratar que se respecten metros de distancia de seguridade de 1,5 metros. (por exemplo sentido de circulación no sentido das agullas do reloxo no corredor distribuidor central).
- Habilitarase unha zona na cociña onde se disporá de Epis de reposición por posible deterioración por uso.

XIMNASIO / PISTA CUBERTA

- En caso de ser necesario a utilización da pista cuberta para as materias de Educación física, identificarase unha zona individual por alumno cunha separación de 1,5 metros. Reduciranse o máis posible os exercicios en interiores.
- Ventilaranse o máis posible estas estancias, será necesario como mínimo a ventilación de 10 minutos entre clases.
- Limparanse as zonas de exercicio dos alumnos entre clase e clase.



ZONA ADMINISTRATIVA

- Usarase o biombo de protección existente na atención ao público en Secretaría.
- Será necesario sinalizar:
 - Mantén a distancia de seguridade - capacidade máxima (Cartel 3 Anexo Carteis).
 - Limpeza de elementos de uso compartido (Cartel 7 Anexo Carteis).
 - Medidas hixiénicas e de protección fronte ao COVID-19 (Cartel 1 Anexo Carteis).
 - No chan con cinta adhesiva ou tipo pegada indicando a dirección do fluxo de persoal (entrada e saída) e para tratar que se respecte a distancia de seguridade de 1,5 metros. (por exemplo sentido de circulación no sentido das agullas do reloxo no corredor distribuidor central).
- Colocaranse dispensadores de xel hidroalcohólico ou desinfectante con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, xunto con panos de papel e papeleira con bolsa, nas zonas de acceso.
- Os despachos e salas de reunións dotaranse de hidroxeles e sinalizarase o aforamento máximo da estancia.
- Atenderase na medida do posible ás visitas nas salas de reunións, as cales deben de ser limpas e ventiladas despois de cada uso.

VISITAS E TITORÍAS

—Visitas:

Reduciranse as visitas de externos o máximo posible, indicarse como acceso ás mesmas a zona de administración recepción indicándolle onde debe deesperar á persoa que o vai atender, acompañarse sempre ás visitas.

Obrigaráselles ao uso de máscara e se non posúen ou a súa se atopa danada, proporcionaráselles unha máscara hixiénica (segundo norma UNE-EN14683:2019+AC: 2019).

—Titorías:

As titorías cos pais realizaranse vía telefónica ou telemática. En caso de realizar unha titoría presencial, celebraríase nunha sala de reunións próxima á entrada(edificio ESO).

Despois do uso da sala débese de limpar e ventilar a estancia.

Citaranse aos pais fóra de horarios de saída e entrada e recreos de alumnos para evitar coincidencias e/ou conglomeracións.

REUNIÓN S ÓRGANOSCOLEXIADOS E NONCOLEXIADOS.

- Reducirse as reunións presenciais o máximo posible, priorizando reunións por videochamadas especialmente nas reunións do Consello Escolar e por parte dos representantes dos pais-nais e da ANPA.
- En caso de reunións presenciais escollerase o lugar da reunión en función do aforo previsto garantindo as distancias de seguridade e a ventilación.



- Todos os asistentes levarán máscaras e se non a posúen ou atópanse danadas proporcionaráselles unhas Máscaras (segundo norma UNE-EN14683:2019+AC: 2019).

ALUMNOS CON NEE

-Aconséllase ao profesorado que traballe con alumnos-as con necesidades especiais que empreguen viseiras protectoras, xa que, en moitas ocasións, o seu laboré incompatible co emprego da máscara.

-Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de 10 minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

- Adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto entre grupos diferentes e con materiais que poidan ser compartidos. En todo caso evitarase que os alumnos estean encarados a unha distancia inferior a 1,5 metro mentres se mantén unha axeitada ventilación.

O Orientador colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención e formará parte de este anexo.

REALIZACIÓN DE EVENTOS

O curso pasado, para minimizar riscos e garantir a presencialidade a maior parte do tempo posible, decidimos non realizar actividades extraescolares, nin estudos. Este curso 2021-22, retomamos a posibilidade de levalas a cabo, sempre respectando estritamente o PROTOCOLO tanto nas actividades extraescolares coma nas horas de permanencia no centro fóra do horario lectivo.

Aplicámo-lo mesmo criterio coas clases de inglés de Cambridge, que están en fase de estudo.

A realización de eventos (Conmemoración de Santa Cecilia, Concerto do Nadal...etc.) -que habitualmente se veñen celebrando de maneira interna e non pública para as familias, no pavillón de deportes- queda en suspenso ata novo aviso, pero si se celebrarán estes eventos a nivel de clase/grupo.


MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º DE PRIMARIA

INFANTIL

Dadas as características destes grupos faise necesario poñer unha especial atención a eles.

-Chegarán ó centro acompañados dun único proxenitor quen irá tamén provisto de máscara e terá hixienizado as mans no dispensador de xel instalado na porta de entrada ó centro. O proxenitor entregará o seu fillo/a á titora ou profesora de garda que se atopará a tal efecto nunha das entradas do Patio de Infantil ou na aula.

-Cada mañá, a primeira hora, a titora incluírá nas rutinas de entrada as normas de hixiene como recordatorio e velará polo correcto lavado de mans de cada alumno-a á entrada e ó



longo da xornada escolar. O xel desinfectante estará situado nun lugar fóra do alcance dos nenos-as.

-As titoras e o profesorado especialista evitarán que o alumnado estea en grupos nos recantos de xogo.

-As aulas de Infantil están provistas de baños, polo que o profesorado coidará o seu uso individual, evitando as aglomeracións e velando polo correcto lavado de mans do alumnado ó saír dos mesmos.

-Retiraranse a maioría dos xoguetes deixando só aqueles que presenten menos dificultades para a súa desinfección.

-Prohíbese que os menores acudan ao centro con obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos

-No Patio de Infantil: O espazo estará delimitado en tres zonas de xeito que non interactúen entre si os tres grupos: 4º, 5º e 6º de Infantil.

-O profesorado que estea a cargo de coida-los recreos encargarse de que non entren en contacto alumnos-as dos diferentes grupos durante os mesmos e no momento da merenda.

1º e 2º de PRIMARIA

A profesora/titora agardará polo seu grupo na aula do centro.

-Cada mañá, a primeira hora, a o profesor/a titor/a fará un recordatorio das normas de hixiene e velará pola correcta desinfección e lavado de mans de cada alumno-a á entrada e ó longo da xornada escolar.

-As titoras e o profesorado especialista evitarán que o alumnado estea en grupos nos recantos de xogo, lectura...etc.


-Durante o recreo, estes dous grupos terán asignada unha parte diferenciada no patio para evitar que interactúen entre eles.

-O profesorado que estea a cargo de coida-los recreos encargarse de que non entren en contacto alumnos-as dos diferentes grupos durante os mesmos e no momento da merenda.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DO LABORATORIO

Neste espazo observarase as normas de protección hixiene e distanciamento ó igual que no resto das aulas o uso de máscara, xel desinfectante, distancia e desinfección do material antes da entrada dun novo grupo e non se poderá compartir o material individual do alumnado.

De estar ocupada a aula antes da entrada dun grupo, os alumnos-as que se atopen na aula saíran ordenadamente e mantendo a distancia. Só cando teña saído por completo o grupo anterior, poderá entrar o seguinte e do mesmo xeito: mantendo a distancia de seguridade.



PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

REUNIÓNS DO PROFESORADO

Dado que nas salas de profesores do centro non hai espazo suficiente para mante-la distancia de seguridade á hora de celebrar reunións e que as mesmas teñen lugar fóra do horario académico, establécese que estas se celebren nunha aula previamente desinfectada a tal efecto de se-lo caso dun grupo máis numeroso de profesores ou na sala do alumnado.

Acudirán todos-as provistos de máscara e procederán a desinfecta-las súas mans tanto á entrada como á saída no dispensador que estará instalado á entrada a tal efecto.

-Non se compartirá material entre os asistentes ás reunións.

-Darase ó profesorado a opción de participar nas reunións por medio de videoconferencia.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

No centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención frote a COVID-19.

-O centro prevé solicitar actividades ó longo do curso para o alumnado (charlas a cargo de persoal sanitario se é posible)e prevé que en certas materias impartidas nos diferentes cursos, aproveitarase o carácter transversal das mesmas para impartir prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.

- Darase pronta difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluíranse posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

-O Plan determinará o profesorado que, en función do seu coñecemento e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC. O persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na paxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.